

MEMORIA

anual 2015



ANHIDACORUÑA

ANHIDACORUÑA

Asociación de nenas e nenos con Déficit de Atención con/sen Hiperactividade



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	5
DA ASOCIACIÓN	7
OBXECTIVOS	8
XUNTA DIRECTIVA	10
APARTADOS	
1. TALLERES	13
1.1 TALLERES AO LONGO DO CURSO	15
1.2 TALLERES PUNTUAIS	22
1.3 ACTIVIDADES	24
2. ATENCIÓN AOS SOCIOS E ÁS FAMILIAS	27
2.1.A CITAS SOCIOS	29
2.1.B CITAS FAMILIAS	29
2.2 INTERVENCIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS (PROVINCIA)	30
3. FORMACIÓN TDAH	33
3.1 FORMACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS	35
3.2 CHARLAS E CONFERENCIAS	36
3.3 APRENDEMOS E PARTICIPAMOS EN	37
4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, COMUNICACIÓN, REDES	39
4.1 RELACIÓNS INSTITUCIONAIS [RR.II.]: FEGADAH.	41
4.2 COMUNICACIÓN EXTERNA, XESTIÓN SOCIAL MEDIA	42
4.3 PROXECTOS EN ACTIVO E BÚSQUEDA DE FINANCIACIÓN EXTERNA	44
4.4 OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAMOS	44
4.5 MEDIOS DE COMUNICACIÓN	45
5. INGRESOS E GASTOS	47

“Contáronmo e esquecino,
o ví e entendino,
fíxeno e aprendino”
Confucio



PRESENTACIÓN

■ Que é ANHIDACORUÑA?

É unha asociación sen ánimo de lucro, que traballa para defender e salvagardar os dereitos das persoas con déficit de atención con/sen hiperactividade, facilitar a súa integración na sociedade e dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.

■ Como se creou?

O 26 de maio de 2004 uníronse en Vigo, un grupo de pais con fillos afectados polo TDAH dando lugar a ANHIDA. Tras este inicio, no ano 2008 comezan as reunións de familias da área herculina que darán lugar a **ANHIDACORUÑA**, formalizándose finalmente en 2010, grazas á colaboración do Concello de Culleredo.

■ Que é o TDAH?

O trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade, é un problema neurolóxico que afecta ao 5-7% dos nenos en idade escolar. Os nenos con TDAH teñen problemas para controlar a súa actividade, impulsos e/ou fixar a atención. Isto trae consigo dificultades no rendemento escolar, de conduta e de relación, así como baixa autoestima, entre outros problemas.





DA ASOCIACIÓN:

■ **ANHIDACORUÑA** somos un grupo de pais e nais de nenos afectados polo TDAH (trastorno por déficit de atención con/sen hiperactividade) nas súas diferentes manifestacións, na provincia da Coruña. Traballamos para loitar por un desenvolvemento digno e completo dos nosos fillos, de forma integral e dentro dun marco plural e respectuoso cos Dereitos do Neno, contemplando a atención á diversidade como prioritaria e potenciando o valor engadido que eles representan para as nosas familias, comunidade educativa e sociedade en xeral.

A finais de 2010, debido á alta demanda de atención de servizos para familias con membros afectados polo TDAH, constituímonos como unha asociación independente: **ANHIDACORUÑA**.

A Asociación, constituída sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia, independente dos seus asociados.

■ **ANHIDACORUÑA** está inscrita nos seguintes rexistros:

- Entidades Prestadoras de Servizos Sociais N° E-5732. Xunta de Galicia
- Entidade Sanitaria Acreditada N° C-15-003603. Xunta de Galicia
- Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia N° 15.493-1ª
- Rexistro Municipal de Asociacións Concello de Culleredo N° 128

Somos, ademais, membros de:

- Membro da Federación Galega de Asociacións de Déficit de Atención e Hiperactividade.
- Membro da Federación Española de Asociaciones de Ayuda al Déficit de Atención e Hiperactividad

OBXECTIVOS:

■ **ANHIDACORUÑA** establece dentro dos seus obxectivos:

- a) Defender e salvagardar os dereitos das persoas con Déficit de Atención e/ou Hiperactividade.
- b) Tentar melloralas calidade de vida das persoas obxecto da nosa atención.
- c) Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e previndo condutas antisociais
- d) Potenciar e axudar no crecemento e maduración persoal de nenos con este trastorno.
- e) Dar apoio, orientación e información ás afectadas.
- f) Fomentar o estudo da Hiperactividade e do Déficit de atención
- g) Promover e realizar campañas de información e mentalización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas con TDAH.
- h) Potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados
- i) Buscar a colaboración, de todo tipo, dos Centros Escolares, tanto públicos como privados.
- j) Solicitar a colaboración e cooperación dos Organismos de Administración, tanto Central como Autonómica, así como de Entidades privadas, nacionais e Internacionais, para a consecución destes fins.



- k) Organizar e realizar todas as Actividades Educativas, benéficas e de formación do profesorado e dos profesionais da saúde relacionados coas persoas con TDAH, necesarias para garantir a atención especializada que se requira.
- l) Representar aos seus membros, a petición propia e en cuestións de interese xeral, ante as entidades públicas, privadas, e demais organismos.
- m) Promover todas cantas actividades sexan necesarias en beneficio da igualdade de oportunidades para persoas de ambos con TDAH.
- n) Establecer e manter relacións de colaboración con outras organizacións que teñan obxectivos similares, intercambiando información, experiencias e servizos.
- ñ) Impulsar e potenciar a cultura e o deporte como actividades fundamentais para o normal desenvolvemento das persoas con TDAH, creando, se é necesario, os servizos que poidan axudar ao coidado e desenvolvemento das mesmas.
- o) Promover medidas e accións que faciliten a formación e inserción sociolaboral de persoas con TDHA
- p) Reivindicar ante as Administracións públicas calquera, dos dereitos nos que se vexan discriminadas as persoas con TDHA.
- q) Crear cuantos servizos de tipo especializado sexan necesarios para o adecuado tratamento rehabilitador e de promoción da integración social das persoas con TDHA, así como para a atención ás súas familias.





XUNTA DIRECTIVA:

■ **ANHIDACORUÑA** está administrada por unha Xunta Directiva, con cargos non remunerados, e que ao 31 de decembro de 2015 estaba formada polos seguintes membros:


Presidenta:	D ^a Pilar Castiñeira Chamorro
Vicepresidente:	D. Herminio Martínez Fernández
Secretaria:	D ^a M ^a del Carmen Lage Angulo
Tesoreira:	D ^a Ana María Díaz Pacios
Vogal 1 ^a :	D ^a Tránsito Castro Fresno
Vogal 2 ^a :	D ^a Sandra Moar Sánchez
Vogal 3 ^a :	D ^a Elena Pardo Larrú

SOCIOS:

■ **ANHIDACORUÑA** ao 31 de decembro de 2015, tiña rexistrados como familias asociadas a 206, sendo os beneficiarios destes máis de 550 (fillos + pais).







TALLERES 2015

1. TALLERES E ACTIVIDADES PARA SOCIOS.

Dentro da asociación levan a cabo diferentes talleres co obxecto de traballar as dificultades dos nenos, adolescentes e adultos con TDAH.

Parte destes talleres realízanse ao longo do curso académico e outros tan só de forma puntual durante o ano.

Á parte, realizamos actividades de carácter lúdico enfocadas principalmente a facilitar a convivencia e o achegamento entre os nosos socios e favorecer o posterior traballo entre profesionais e os nenos, adolescentes e adultos, dentro dun ambiente de confianza.

1.1 Talleres ao longo do curso:

■ Talleres psicopedagógicos

Realízanse ao longo do curso escolar cun total de 63 nenos e adolescentes no curso 2014/2015 e 58 no curso 2015/2016 repartidos en grupos que non superan nunca os 10 nenos (nos grupos de peques) e os 12 no resto dos grupos. Isto último desde o curso 2015/2016 co fin de que o grupo poida funcionar do modo que queremos cos mellores resultados para cada un dos nenos.

Nestes talleres trabállanse, principalmente todas as dificultades propias do TDAH.

Para a realización destes talleres contamos coa colaboración dos concellos de Culleredo e Coruña que nos ceden locais para a realización dos mesmos, así como coa subención da Deputación que sufraga parte dos gastos dos mesmos, procurando que as familias poidan acceder a eles a un prezo moi reducido. Desde o curso 2015/2016 tamén contamos co apoio do Concello de Miño no que estamos a realizar outro taller.

No ano 2015 levaron a cabo parte de dous cursos escolares (2014/2015 de xaneiro a Maio e 2015/2016 de outubro a decembro)

Talleres psicopedagógicos

De xaneiro a maio curso 2014/2015:

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI
PEQUES 1	- Centro Cívico Veciñal San Pedro de Visma. (ata o 24/01/2015) - Centro Cívico Pescadores - (a partir do 31/01/2015) A Coruña	Sábados de 10:30 a 12:00	Juan Ramos e Marga Arcay	12	12	12	11	11
PEQUES 2	- Centro Cívico Veciñal San Pedro de Visma. (ata o 24/01/2015) - Centro Cívico Pescadores - (a partir do 31/01/2015) A Coruña	Sábados de 12:00 a 13:30	Juan Ramos e Marga Arcay	13	13	12	12	11
MEDIANOS	C/ Matadoiro, 68 - A Coruña	Sábados de 10:00 a 12:00	Ledicia Solla e Rocio Cantero	12	12	12	12	11
ADOLESC. CORUÑA	C/ Matadoiro, 68 - A Coruña	Venres de 16:30 a 18:00	Ana Vitales e Borja Rey	13	13	13	13	13
ADOLESC. CULLEREDO	Centro Ocupacional Pintora María Cagiao - Culleredo	Xoves de 19:30 a 21:00	Ana Luisa López e Javier Estévez	8	8	7	7	Fin en abril

De outubro a decembro curso 2015/2016:

Practicamente igual que no curso anterior coa única novidade do taller de medianos que levamos a cabo no Concello de Miño.

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	OUT	NOV	DEC
PEQUES 1	Centro Cívico Pescadores - A Coruña	Sábados de 10:30 a 12h	Marga Arcay e Alba Vila	8	7	7
PEQUES 2	Centro Cívico Pescadores - A Coruña	Sábados de 12:00 a 13:30	Juan Ramos e Ana Cristina Diez	10	10	9
MEDIANOS CORUÑA	Centro Cívico Pescadores - A Coruña	Sábados de 10:30 a 12:00	Marcial García e Rocío Boado	11	12	12
MEDIANOS MIÑO	Centro Cívico Miño-Local Loios, 51-C	Mércores de 18:30 a 20:00	Cristina Rey e Rocío Boado	6	5	4
ADOLESCENTES CORUÑA	Centro Cívico Pescadores - A Coruña	Venres de 16:15 a 17:45	Borja Rey e Ana Vitales	10	12	12
ADOLESCENTES CULLEREDO	Local Social Municipal Costa Da Lonxa	Venres de 18:00 a 19:30	Ana Cristina Diez e Daniel Patiño	12	12	12



■ Talleres de creatividade e control de impulsos

Este ano contou coa participación de 20 persoas no curso 2014/2015 e de 28 no curso 2015/2016, en dous grupos diferentes. O de adolescentes e, como novidade para o curso 2014/2015, o de pais que cada ano ten mellor acollida.

De xaneiro a xuño curso 2014/2015:

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN
CONTROL DE IMPULSOS PARA PAIS	- Centro Cívico Veciñal San Pedro de Visma. A Coruña (ata o 24/01/2015) - Centro Cívico Pescadores. A Coruña (a partir do 31/01/2015)	Sábados de 10:30 a 12:00	Noemi Miranda	7	7	6	6	5	Fin en maio
CONTROL DE IMPULSOS PARA ADOLESCENTES	- Centro Cívico Veciñal San Pedro de Visma. A Coruña (ata el 24/01/2015) - Centro Cívico Pescadores. A Coruña (a partir do 31/01/2015)	Sábados de 12:00 a 13:30	Noemi Miranda	13	12	12	12	12	12

De outubro a decembro curso 2015/2016:

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	OUT	NOV	DEC
CONTROL DE IMPULSOS PARA PAIS	Centro Cívico Pescadores. A Coruña	Sábados de 12:00 a 13:30	Noemi Miranda e Inma Gallego	18	18	17
CONTROL DE IMPULSOS PARA ADOLESCENTES	Centro Cívico Pescadores. A Coruña	Sábados de 10:30 a 12:00	Noemi Miranda e Ana Cristina Díez	10	10	10



■ Taller de Multideporte e de deporte integrado

En ANHIDACORUÑA, cremos moi importante ofrecer unha actividade deportiva aos nosos mozos co fin de traballar a mellora no autocontrol emocional e a impulsividade, mediante adestramento psicomotriz en habilidades sociais e así facilitar a súa inclusión grupal.

Cada curso gústanos ir buscando novas cousas que facer polo que tamén cambiamos o nome á nosa actividade.

De xaneiro a maio curso 2014/2015:

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI
MULTIDEPORTE	IES Eduardo Blanco Amor - Culleredo	Sábados de 17:30 a 19:00	Juan Ramos e Marga Arcay	13	14	14	15	15

De novembro a decembro curso 2015/2016:

Para este curso 2015/2016, a nosa actividade deportiva cambiou de nome e comezou no mes de novembro contando, á súa vez cun novo colaborador no noso equipo que dirixe a actividade coa colaboración de persoal en prácticas a través do practicum do INEF.

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	NOV	DEC
MULTIDEPORTE	IES Eduardo Blanco Amor - Culleredo	Sábados de 17:30 a 19:00	Nacho Vázquez	14	15



■ Taller de Reeducación pedagógica

Este taller trata de conseguir que os nosos nenos/adolescentes adquiren as ferramentas para poder mellorar no seu nivel académico e tratar de adquirir unha autonomía á hora de realizar as súas tarefas. leva a cabo, prioritariamente no noso local de ANHIDACORUÑA C/ Amparo López Jean, aínda que, desde o curso 2015/2016 contamos cun local cedido polo Concello de Culleredo para poder dar servizo á gran demanda que temos por parte dos pais, deste taller.

De xaneiro a maio curso 2014/2015:

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN
REEDUCACIÓN PEDAGÓXICA	Local ANHIDACORUÑA, R/ Amparo López Jean, 25 Culleredo	- Luns de 15:30 a 19:30 - Martes a Xoves de 15:30 a 20:30 - Venres de 15:30 a 18:30	Juan Ramos Margarita Arcay Rocío Cantero Valería Domínguez	33	35	36	35	36	35

De novembro a decembro curso 2015/2016:

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	OCT	NOV	DEC
REEDUCACIÓN PEDAGÓXICA	Local ANHIDACORUÑA, R/ Amparo López Jean, 25 Culleredo	De luns a venres, en diferentes horarios de mañá e tarde dependendo das necesidades	Marga Arcay Juan Ramos Nacho Conchado Rocío Varela Yolanda Ordoñez	36	36	36
	Centro Ocupacional Pintora María Cagiao - R/ Alcalde Domingo Sierra, 3-5 Culleredo	De luns a venres, en diferentes horarios de mañá e tarde dependendo das necesidades	Nacho Conchado	4	4	4



■ Taller de empoderamento xuvenil

Este taller de forma experimental para os nosos adolescentes/novos, co fin de dar cobertura a algúns mozos que non contaban con outro tipo de taller entre a nosa oferta e que seguen necesitando traballar as súas dificultades, esta vez dunha forma distinta e contando coa colaboración de Marcelo Castelo, un profesional moi recoñecido no seu campo.

De xaneiro a maio curso 2014/2015:

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI
EMPODERAMENTO XUVENIL	R/ Matadero, 68 - A Coruña	Venres de 18:30 a 20:30	Marcelo Castelo Rivas	14	14	14	13	13



■ Taller de pais

Consideramos de suma importancia formar aos pais para que estes saiban entender o TDAH, poidan afrontar todas as dificultades que se lles expoñen no día a día cos seus fillos e reforzar todo o aprendido nos talleres psicoeducativos.

De xaneiro a maio curso 2014/2015:

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI
TALLER DE PAIS PEQUES	Local ANHIDACORUÑA, R/ Amparo López Jean, 25 Culleredo	Venres de 20 a 21:30 unha vez ao mes	Juan Ramos e Marga Arcay	30	37	37	39	38
TALLER DE PAIS MEDIANOS	Avda de Galicia, 28 - O Burgo - Culleredo	Venres de 20 a 21:30 unha vez ao mes	Rocio Cantero e Ana Vitales	18	20	22	21	21
TALLER DE PAIS ADOLESCENTES	Avda de Galicia, 28 - O Burgo - Culleredo	Venres de 20 a 21:30 unha vez ao mes	Borja Rey, Javier Estevez e Ana Luisa López	22	23	23	25	25

De outubro a decembro curso 2015/2016:

Este curso o taller de pais enfocouse de forma diferente, seguindo, o de pais de peques sendo sesións mensuais mentres que o resto comezarán en 2016 en sesións semanais durante un espazo de tempo máis reducido e con outro enfoque que se pretende menos teórico e máis participativo.

TALLER	LUGAR DE CELEBRACION	HORARIO	DIRIXIDO POR	23/10	04/12
TALLER DE PAIS PEQUES	Local ANHIDACORUÑA, R/ Amparo López Jean, 25 Culleredo	Venres de 20 a 21:30	Juan Ramos, Marga Arcay Rocio Varela, Ana Cristina Alba Vila e Cristina Rey	31	20

■ Grupo GAM de adultos TDAH

Desde o mes de xaneiro e de forma ininterrompida, quincenalmente, reúnen un grupo de adultos con TDAH para tratar de superar as súas dificultades coa axuda dunha orientadora que lles guía co fin de conseguir os seus obxectivos.



1.2 Talleres puntuais:

■ Taller de Memoria con Seven.

Do 27 de marzo ao 15 de maio en sesións semanais. Impartido por Juan Ramos e Marga Arcay no noso local da Corveira a un grupo de 5 nenos.

■ Taller Lectoescritura con Seven.

Do 30 de marzo ao 4 de maio en sesións semanais. Impartido por Juan Ramos e Marga Arcay no noso local da Corveira a un grupo de 5 nenos.

■ Gimnasio Habitat Coruña

No mes de xuño asínase un convenio co ximnasio Habitat Coruña, polo cal un número limitado de socios pode acudir a el e gozar das súas instalacións cunhas condicións moi vantaxosas. Neste momento están a acudir 8 mozos da nosa asociación.

■ Taller de reeducación pedagóxica para o verano.

En ocasións, e para algúns dos nosos nenos, o traballo feito durante o curso, continúa durante o verán e mesmo algúns tan só fan uso del nestas datas. Contamos coa participación de 24 nenos/adolescentes, en horario de mañá para poder gozar un pouco destas datas estivais.



■ Taller de educativa.

Algúns dos nosos nenos necesitan unha atención individualizada no que respecta á reeducación pedagóxica polo que creamos este novo taller e ao que acudiron 5 persoas.

■ Taller de Habilidades Sociais.

Por segundo ano consecutivo organizamos talleres de habilidades sociais para adolescentes cunha gran aceptación e demanda, polo que tivemos que alongalo algo máis do planeado, cun total de 10 participantes e un segundo grupo de 12 nenos de idades entre os 8 e os 13 anos que acudiron os venres do mes de setembro.

■ Taller de iniciación á maxia.

Todos os martes do mes de agosto, impartido por Juan Ramos e Marga Arcay, ao que asistiron un total de 11 nenos/adolescentes.

■ Taller de lectoescritura con Seven.

Volvemos repetir, nesta ocasión no mes de agosto, con este taller que tantos pais demandan no que participaron un total de 11 nenos.




1.3 Actividades:

- **Partido de fútbol Depor-Eibar.** O Real Club Deportivo da Coruña, entregounos 13 invitacións para este partido o 06/02/2015 para que acudisen nenos/adolescentes socios.
- **Taller de Lego.** Nesta ocasión, en colaboración coa tenda Xoga Ben, puidemos contar con dous talleres o 16 e o 18 de febreiro no que participaron 16 nenos que foron acompañados por Juan Ramos e María del Carmen Lage.
- **Visita de xogadores do equipo de Basket Coruña** (Leyma Basquet Coruña) ao noso local da Corveira, o 04/03/2015 onde 12 nenos da asociación puideron compartir unha tarde podendo facer fotos e preguntando ás xogadores dúbidas.
- **Partido de Baloncesto Leyma Basquet Coruña - Palma Air Europa,** que tivo lugar o 08/03/2015 e ao que asistiron máis de 60 persoas.
- **Peza de teatro de foro “Susana quiere subirse ao mundo”** O 25/04/2015 no Centro Cívico Pescadores. Organiza Noemi Miranda e Daniel Patiño. Acoden máis de 40 persoas.
- **Actividade de Kayak.** A través da obra social A Caixa somos convidados a participar nesta actividade dirixida o 22/05/2015 a un total de 17 adolescentes. Coordinan Wenceslao Oubiña e Pilar Castiñeira.
- **Actividade hípica en Casas Novas.** A través da Obra Social A Caixa somos convidados a participar nesta actividade dirixida o 06/06/2015 a un total de 21 nenos no Centro Hípico Casas Novas. Coordinan Wenceslao Oubiña, Rocío Canteiro e Valeria Domínguez. Celebrábase o día do voluntariado.



- **Gala de teatro benéfica a favor de Educo.** O 20/06/2015 no Centro Cívico Os Mallos. Os nosos mozos do grupo de Creatividade e control de impulsos, coordinados por Noemi Miranda, estiveron traballando durante todo o curso e querían mostrarnos o seu bo facer a través desta gala na que aproveitamos a achegar noso ?granito? de area á fundación Educo.
- **Actividade en familia de fin de curso.** levou a cabo o 27/06/2015 na casa da Praia de Bastiagueiro. Participaron máis de 110 persoas que gozaron dunha paella e parrillada en familia e cos xogos e actividades que prepararon para eles o noso equipo de profesionais. Así mesmo contamos coa colaboración do equipo de football americano Cazuza Towers Coruña (actual campión da liga Galega) que levou a cabo unha actividade de flag.
- **III Campus inclusivo de Patinaxe.** Promovido polo Concello de Culleredo e en colaboración con varias asociacións, tivo lugar do 24 ao 28 de agosto, onde participaron varios socios.
- Dentro do mesmo campus tivo lugar un **taller de habilidades sociais con Seven**, o noso can de terapia, dirixido por Juan Ramos, Marga Arcay e Ana Cristina Dez, o 26/08/2015.
- Actividade de inicio de curso. O 04/10/2015 levamos a cabo a nosa **actividade de inicio de curso titulado “Busquemos a Rosendo”**. Unha actividade en familia para propiciar a convivencia das mesmas á vez que facilitamos a avaliación dalgúns dos nenos de fronte ao traballo nos talleres aos que están anotados. Participaron máis de 100 persoas.
- **Taller de emocións.** O 19/12/2015 puidemos contar cun sábado ?diferente? especialmente enfocado aos máis pequenos coa intención de traballar as emocións con eles. Participaron 24 nenos de idades comprendidas entre os 5 e os 13 anos







2 ATENCIÓN AOS SOCIOS E ÁS FAMILIAS 2015



2. ATENCIÓN AOS SOCIOS E ÁS FAMILIAS.

Unha dos labores fundamentais desta asociación consiste en dar apoio aos nosos socios nas dificultades que lles xorden no día a día tanto na súa casa como no campo educativo ou sanitario. Ao longo do mes atendemos tanto telefonicamente como a través de citas persoais nas que tratamos de atopar a mellor solución para cada caso.

2.1.A Citas realizadas ao longo do ano para atender aos nosos socios:

MES	Nº SOCIOS ATENDIDOS
XANEIRO	9
FEBREIRO	5
MARZO	13
ABRIL	10
MAIO	6
XUÑO	4
XULLO	3
AGOSTO	4
SETEMBRO	3
OUCTUBRE	4
NOVEMBRO	5
DECEMBRO	3

2.2.B Citas realizadas ao longo do ano para atender ás familias:

MES	NºFAMILIAS ATENDIDAS
XANEIRO	5
FEBREIRO	4
MARZO	5
ABRIL	15
MAIO	7
XUÑO	10
XULLO	6
AGOSTO	7
SETEMBRO	7
OUCTUBRE	18
NOVEMBRO	24
DECEMBRO	12

2.2 Intervención en centros educativos (provincia):

MES	FECHA	CENTROS EDUCATIVO VISITADO
XANEIRO	12/01/2015	Colexio Ponte dos Brozos
	12/01/2015	IES Salvador de Madariaga
	19/01/2015	CEIP La Normal
	21/01/2015	CEIP Concepción Arenal
	21/01/2015	IES David Buján
	21/01/2015	IES Salvador de Madariaga
	30/01/2015	Colexio Portofaro
FEBREIRO	11/02/2015	IES Blanco amor
	24/02/2015	IES David Buján
	24/02/2015	IES Alfonso X El Sabio
	24/02/2015	CEIP Nicolás del Río
MARZO	02/03/2015	CEIP Ponte Dos Brozos
	03/03/2015	IES Blanco Amor
	10/03/2015	CEIP Ponte da Xubia
	17/03/2015	CEIP La Normal
	17/03/2015	IES Blanco Amor
	24/03/2015	IES Eduardo Pondal
	24/03/2015	IES Blanco Amor
	25/03/2015	IES Salvador de Madariaga
	26/03/2015	CEIP Ponte dos Brozos
	27/03/2015	IES Blanco Amor

MES	FECHA	CENTROS EDUCATIVO VISITADO
ABRIL	14/04/2015	IES Otero Pedrayo
	29/04/2015	CEIP Nicolás del Río
MAIO	12/05/2015	CPR Hogar Santa Margarita
	25/05/2015	Colexio Liceo la Paz
	29/05/2015	Colexio Calasanz
XUÑO	02/06/2015	Colexio Carral
	02/06/2015	Colexio Andaina
	17/06/2015	Instituto Blanco Amor
	19/06/2015	Instituto A Sardiñeira
XULLO		
AGOSTO		
SETEMBRO	07/09/2015	Instituto As Pontes
OUTUBRO	19/10/2015	Colexio Isidro Parga Pondal
	29/10/2015	IES Salvador de Madariaga
NOVEMBRO	04/11/2015	IES Salvador de Madariaga
	06/11/2015	Instituto Sardiñeira
	09/11/2015	IES Salvador de Madariaga
	11/11/2015	Instituto Fernando Wirth
	16/11/2015	Instituto Blanco Amor
	17/11/2015	Instituto Blanco Amor
	23/11/2015	Instituto Agra del Orzán
	24/11/2015	Instituto Agra del Orzán
DECEMBRO	01/12/2015	IES Salvador de Madariaga
	15/12/2015	IES Salvador de Madariaga
	18/12/2015	Universidade Laboral





3 FORMACIÓN TDAH 2015



3. FORMACIÓN

Como parte da difusión sobre o TDAH, temos especial interese en formar aos nosos profesores para que os nenos poidan contar cunha mellor calidade na atención especial que necesitan.

Atopámonos cunha gran acollida nos centros onde realizamos as formacións, atopándonos con que moitos acaban repetindo experiencia máis adiante.

3.1 Formación en centros educativos:

Iste ano intervimos en:

CENTRO	DATAS	FORMACIÓN	DOCENTES	Nº ASISTENTES
Castro Baxoi (Miño)	23/01/2015	Charla de Orientación Familiar para profesores e pais	Juan Ramos e Marga Arcay	15 familias
Isidro Parga Pondal (Culleredo)	10/02/2015	Charla de sensibilización para alumnos de 6º de primaria	Juan Ramos e Marga Arcay	24 alumnos
CEIP Nicolás del Río (Cedeira)	24/02/2015	Charla Pedagóxica	Lidia Gómez	22 profesores
CEIP Ponte de Xuvia (Narón)	10/03/2015	Charla Clínica e Pedagóxica	Lidia Gómez e Javier Estévez	18 profesores
CEIP Piñeiros (Narón)	07/04/2015	Charla Clínica	Javier Estévez	14 profesores
CEIP Piñeiros (Narón)	28/04/2015	Charla Pedagóxica	Lidia Gómez	14 profesores
Colexio San Francisco Javier	29/06/2015	Charla Pedagóxica	Lidia Gómez	19 profesores
Colexio Jesuitas (Santiago de C.)	20/10/2015	Charla Clínica	Javier Estévez	24 profesores
Colexio. Cerceda	21/10/2015	Charla Pedagóxica	Lidia Gómez	10 profesores
CEIP Manuel Masdías (Ferrol)	03/11/2015	Charla Clínica	Javier Estévez	26 profesores
CEIP Manuel Masdías (Ferrol)	10/11/2015	Charla Pedagóxica	Lidia Gómez	26 profesores
CEIP San Sadurniño (Ferrol)	03/12/2015	Charla Pedagóxica	Lidia Gómez	25 profesores
IES As Mariñas (Betanzos)	12/12/2015	Xornada Sensibilización	Juan Ramos e Marga Arcay	35 persoas

3.2 Charlas e conferencias:



- **Partido de fútbol Depor-Eibar.** O Real Club Deportivo da Coruña, entregounos 13 invitacións para este partido o 06/02/2015 para que acudisen nenos/adolescentes socios.
- **Charla Neno movido ou neno hiperactivo?** O 13/03/2015. Impartida por Javier Estévez e Borja Rey no Centro Sociocultural de Meicende, en Arteixo e ao que asistiron máis de 100 persoas.
- **Xornada formativa ?Por unha nova escola?** o 11/04/2015 no edificio Cultural A Senra, en Bergondo, onde tratamos de transmitir novas ferramentas tanto a educadores como a familias no relativo a inclusión. Asistiron unhas 120 persoas.
- **Xornada de Atención a Diversidade por unha escola inclusiva.** Organizada por ADAPHO o 16/05/2015 e que contou coa participación do equipo de profesionais de ANHIDACORUÑA, para impartir as clases prácticas no CPR Plurilingüe Calasancio en Pontevedra.
- **Charla formativa para profesores e profesionais que traballen con nenos/adolescentes con TDAH.** 06/08/2015 no noso local do Burgo. Impartida por Juan Ramos e Marga Arcay e coa participación de mais de 20 persoas.
- **Charla de formación en TDAH para o equipo de baloncesto do Colexio Maristas** dentro dun acordo de colaboración para a concienciación do TDAH. Realizada en 17/11/2015, ao que acudiron 60 alumnos da ESO. Coordinado por Pilar Castiñeira e impartido por Juan Ramos e Marga Arcay.
- **Charla Que é iso do tdah?** O 26/11/2015. Impartida por Javier Estevez e Borja Rey no auditorio de Afundación, na Coruña e ao que asistiron máis de 200 persoas.
- O 06/08/2015 levou a cabo unha **formación en TDAH para monitores de tempo libre e educadores sociais do Concello de Culleredo.** Asistiron un total de 20 persoas e foi impartida por Juan Ramos e Marga Arcay
- **Como parte de FEGADAH, e a petición da asociación Bule Bule, impartíronse dúas conferencias a familias de Lugo.** Os relatores foron Juan Ramos e Ana Cristina Dez, á que asistiron 20 persoas.

3.3 Aprendemos e participamos en:



- **I Encontro de equipos directivos**, organizado polo CAFI no EGAP o 11/04/2015. Asiste Pilar Castiñeira
- **IX Congreso Nacional da Asociación de Logopedas de España**. Organizada pola Asociación Española de Logopedia en Gandia os días 24 e 25 de abril. Acode Dores Valarezo
- **V Xornadas Formación dúas Xefes de Departamentos de Orientación**. Organizada polo CAFI o 14/05/2015 en Santiago de Compostela. Acode Pilar Castiñeira
- **Conferencia impartida polo noso colaborador Marcelo Castelo** o 25/06/2015 e ao que acode Pilar Castiñeira
- **Xornada ?Habitos Saudables e prevención de adiccións?** na Sala municipal Vitoria Diaz Cabanela o 20/11/2015, ao que acoden gran parte do o noso equipo de profesionais e Xunta Directiva.
- **Curso de terapia familiar sistémica** ao que está a acudir unha das nosas profesionais desde o mes de outubro.





ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON DÉFICIT

Actualidade ▾ Que é o TDAH? ▾ **Nós ▾** Actividades ▾ Colaboradores Formación en centros Contacto Calendario

Nós ▸ O noso equipo

Equipo

INHIDACORUÑA está formado por:

directiva, que ademais das funcións sinaladas nos estatutos, reúnese asiduamente para obter resultados e obxectivos a conseguir. É imprescindible a colaboración de cada un dos membros para que esta asociación teña unha continuidade e alcance as súas metas.

Equipo de mozos profesionais de distintos ámbitos relacionados coa atención á diversidade en Galicia, que laboran e se coordinan con responsabilidade para alcanzar o principal obxectivo da asociación: conseguir persoas felices e integradas na sociedade. É un equipo dinámico cunha gran profesionalidade e implicación no seu traballo e **con experiencia na atención a persoas con TDAH**.

Asociación de pais e nais e pai de mozos con TDAH e ademais por persoas que conviven con TDAH.

Equipo formado por profesionais das seguintes especialidades:

Idiomas dispoñíbeis

Galego ▾

☐ Editar Tradución

Formamos parte da



The image shows the top-left corner of a document cover. It features the text 'ANHIDACORUÑA' in large, stylized letters, with 'ANHIDA' in orange and 'CORUÑA' in green. Below this, in smaller black text, is 'T DE ATENCIÓN CON/SIN HIPERACTIVIDAD'. There are also some small icons and a green horizontal line.

4 RELACIONES INSTITUCIONALES, COMUNICACIÓN, REDES ... 2015




4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, COMUNICACIÓN, REDES ...

4.1 Relacións Institucionais [RR.II.]: Fegadah.

- Reunión coas asociacións para organizar os estatutos para a futura federación en Vigo - 17/01/2015. Acode a nosa presidenta
- Asina do convenio de Escola Inclusiva co presidente da Deputación.
- Participación nos campamentos de verán que organiza a asociación ADAHPO e que, como asociación creadora da FEGADAH, tiveron o detalle de deixarnos participar neles. Acudiron 5 nenos

Na actualidade, **FEGADAH representa máis de 1.500 familias** de persoas afectadas polo Trastorno por Déficit de Atención con /sen Hiperactividade.

A súa estrutura permite a FEGADAH estar **presente en toda Galicia**, atendendo, dende o seu ámbito federativo, aquelas zonas que, na actualidade, non posúen asociacións de afectados.



Estrutura e Cargos 2015

Presidencia
Presidenta de **ADAHPO** (Pontevedra)

Vicepresidencia
Presidenta de **ANHIDACORUÑA** (A Coruña)

Secretaría
Presidenta de **ACNH** (Santiago)

Tesouraría
Presidente de **ANHIDA** (Vigo)

Vogais
Representantes das Xuntas Directivas das asociacións ANHIDA (Vigo), ANHIDACORUÑA (A Coruña), ADAHPO (Pontevedra), ACNH (Santiago) e BULEBULE (Lugo)

Nace la Federación Galega de Déficit de Atención e Hiperactividade

A la celebración del 15 aniversario de la creación de la Federación Galega de Déficit de Atención e Hiperactividade (FEGADAH) se le dedica este número de la revista "La Voz de Galicia".

La Voz de Galicia

Genocidio

Tres millones de polacos

«Somos más de 1.500 familias en Galicia, unidas hacemos más fuerza»

Acaba de tomar las riendas de un colectivo presentado el pasado sábado

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

Presentada la Federación Galega de TDAH

4.2 Servicios transversais: comunicación externa, xestión social media:

■ A ferramenta fundamental para aspectos comunicativos é a páxina web **www.anhidacoruna.com**

Durante o ano 2015 ANHIDACORUÑA tivo presenza e actividade en dúas redes sociais: Facebook e Twitter.

Entre os múltiples obxectivos que se perseguen nestas redes sociais atopámonos cos seguintes:

- Difundir as actividades que realizamos para os nosos socios/as.
- Compartir información interesante relacionada co TDAH.
- Atender ás solicitudes de información das persoas que así o requiran.
- Dar visibilidade ao TDAH mediante o hashtag #hazvisibleelTDAH.
- Mostrar as xornadas de formación que realizamos para os sectores clínicos e educativos

■ Facebook.



É a rede social de ANHIDACORUÑA que ten un maior movemento de xente e por tanto na que se centraron os esforzos por seguir crescendo e chegando a máis xente. Os maiores movementos do ano tiveron lugar debido ás publicacións co hashtag #hazvisibleelTDAH

En primeiro lugar hai que destacar o crecemento que se tivo no perfil de Facebook de ANHIDACORUÑA, ao longo do ano aumentou os seus seguidores nun 62,14% pasando dos 626 gústasme o 1 de Xaneiro aos 1015 cos que se contaba á hora de elaborar esta memoria.

Os maiores picos de crecemento correspóndense aos días posteriores ás accións formativas que ANHIDACORUÑA leva a cabo para diferentes colectivos. Sendo especialmente significativa a subida de gústasme tras a charla Que é iso do TDAH?.

Ao longo do ano co contido publicado e compartido no perfil superáronse as 20000 persoas alcanzadas. Tiveron especial repercusión as noticias relacionadas con cursos que se ían a impartir, noticias referidas á fundación da FEGADAH e a firma do convenio coa Xunta de Galicia, así como as publicacións relacionadas con Seven. A continuación un gráfico da evolución do alcance das publicacións ao longo do ano.

Me gusta de la página totales de hoy: 1015





Twitter.

A pesar de ter unha menor influencia e movemento que Facebook, nesta rede social tamén se aprecia un crecemento significativo de seguidores, aumentando desde o 1 de xaneiro os mesmos nun 36,93% pasando de ter 176 followers o 1 de Xaneiro de 2015 ata os 276 que se ten no momento de realizar esta memoria.

Páxina web www.anhidacoruna.com

Ao longo do ano 2015 levou a cabo unha total remodelación da páxina web da asociación, buscando un novo deseño no que se combinase a usabilidade e un modelo de programación adaptado para dispositivos móbiles.

Debido a esta remodelación a páxina web volveu abrir ao público o 17 de Novembro de 2015 e os mostrados a continuación serán os datos relativos a un mes e medio de funcionamento.


Neste período a web recibiu un total de 16.557 visitas, é dicir, unha media de 51 visitas ao día. Notouse unha especial actividade na páxina os días previos á charla realizada no auditorio de Afundación Que é iso do TDAH?

A xente accede á páxina web principalmente escribindo a dirección no seu navegador tras vela nalgún cartel, tríptico, un 53,6% Tamén cobra certa importancia o tráfico cara á web que se está conseguindo a través das redes sociais, un 37,2 %.

De momento é practicamente inapreciable o tráfico proveniente de procura en Google, posto que a estratexia de posicionamento que levou a cabo aínda non tivo tempo de xurdir efecto.

De fronte ao próximo ano prevese un maior crecemento do número de visitas, así como da importancia que cobren as visitas a través de procura en Google.

Canales principales



4.3 Proxectos en activo e búsqueda de financiación externa.

Durante o ano 2015 puxéronse en marcha diversos proxectos para abrir novas liñas de actuación en diversos ámbitos.

■ Título: **O uso de Terapia Asistida con Cabalos como método rehabilitador en nenos e adolescentes con TDAH.**

Estado: subvención económica en fase de aprobación.

■ Título: **Aplicación da Terapia Asistida con Cans na contorna psico-educativo.**

Estado: subvención económica en fase de aprobación.

■ Título: **Proxecto xóvenes: intervención e modificación psicosocial dende unha perspectiva de empoderamento individual.**

Estado: subvención económica en fase de aprobación.

Así mesmo, presentáronse proxectos a diferentes convocatorias de entidades do ámbito público e privado. Actualmente, atópanse en fase de elaboración, nalgúns casos, e outros presentados e xestionándose.

4.4 Outras actividades nas que participamos.

■ No mes de setembro e con motivo da semana europea pola sensibilización do TDAH, puxemos en marcha unha iniciativa (dirixida e suxerida por Juan Ramos) titulada **#hazvisibleeltDAH**, que consistía en dar a maior difusión sobre este trastorno mediante as redes sociais e servíndonos dunhas fotos nas que aparecían moitos dos nosos simpatizantes.



4.5 Medios de Comunicación.

■ Por mor de todo o que facemos/organizamos nesta asociación, en ocasións, saímos en medios de comunicación. Na radio:

28/01/2015 – Entrevista a nosa presidenta en Radio Culleredo

08/10/2015 – Entrevista ao noso vicepresidente en Radio Culleredo

10/11/2015 – Entrevista a nosa presidenta en ES Radio

En tamén, nos seguintes medios impresos:



Pilar Castiñeira, CÉSAR QUIJAN

PILAR CASTIÑEIRA
PRESIDE ANHIDACORUÑA
«El TDAH no es como la gripe, es un trastorno que no se cura»

E. S. CULLEREDO / LA VOZ

La asociación Anhidacoruña, que tiene su sede en Vilaboia, ha sido seleccionada por la marca Zumba España para realizar un maratón de zumba solidario. La presidenta de la agrupación, Pilar Castiñeira (A Coruña, 1965), explica que será mañana, sábado, a partir de las 18.00 horas en el polideportivo de Arteixo. Toda la recaudación (el donativo son tres euros por persona) se destinará íntegramente a Anhidacoruña.

—**¿Funcionan este tipo de convocatorias?**

—¡Sí! Son muy efectivas. De hecho, Yasmina Sánchez, la persona que está organizando el maratón, ya ha confirmado 200 inscripciones.

—**¿Y cabrá más gente en el pabellón de Arteixo?**




—Tiene capacidad para 300, así que contamos con que a última hora se apunten más personas (yasmina.ysl@gmail.com).

—**¿Son más efectivos los maratones solidarios que pedir subvenciones a la administración?**

—Desde luego. Las subvenciones son una ayuda, pero con estas iniciativas la gente se implica y conoce las dificultades de las personas que padecen TDAH. De hecho, el deporte y la socialización, algo que se consigue con estas actividades, es muy importante para los afectados.

—**¿Qué es el TDAH?**

—Las personas que lo padecen tienen déficit de atención, con o sin hiperactividad, y una importante impulsividad. No es un trastorno curable, como una gripe. Pero en la edad adulta se amortiguan los síntomas y se adquieren recursos para integrarse con normalidad. Lo bueno es que cada vez hay diagnósticos tempranos. Hoy hablamos de ello en el IES de Miño, a las 19.00 horas.





www.anhidacoruña.es



5 INGRESOS e GASTOS 2015



INGRESOS E GASTOS 2015

INGRESOS	IMPORTE	%
1. INGRESOS DA ACTIVIDADE PROPIA	102.373	100%
a) Cuotas socios	14.236	14%
72000000 Cuotas de socios	14.236	14%
b) Cuotas usuarios (talleres)	73.429	72%
72100004 Orientacion Individual	3.080	3%
72100005 Taller Control De Impulsos	1.980	2%
72100006 Taller De Pais	70	0%
72100008 Taller Multideporte	1.727	2%
72100009 Taller Psicopedagogía	15.022	15%
72100010 Taller Reeducação Pedagógica	40.550	40%
72100012 Taller Audición E Linguaxe	1.485	1%
72100013 Taller Teatro	680	1%
72100014 Taller Atención Xuvenil	8.835	9%
c) Subvencións	11.405	11%
74010001 Subvención Cooperación	43	0%
74020001 Deputación A Coruña	8.762	9%
74030001 Concello Culleredo	600	1%
74030002 Concello Bergondo	2.000	2%
d) Donacións	3.303	3%
74060000 Donacións (Maratón Zumba)	903	1%
74060001 Caixabank	2.400	2%
2. OUTROS INGRESOS DA ACTIVIDADE	153	0%
77800001 Axustes Cobros/Pagos	1	0%
77800002 Ing. Ex. Anteriores (Dev. Comisións)	153	0%
TOTAL	102.526	100%

GASTOS	IMPORTE	%
1. GASTOS POR COLABORACIÓNS	558	1%
c) Gastos por colabor. e do órgano de gob.	558	1%
65400000 Gastos xd (Gastos Representación)	558	1%
2. APROVISIONAMENTOS	30.381	30%
a) Materiais actividades	1.380	1%
60000000 Compras Bens Actividade (Fin Curso)	327	0%
60000002 Materiais Talleres	1.053	1%
b) Outros aprovisionamentos	802	1%
60200000 Outros Aprov. (Mat. Limpeza e Outros)	189	0%
60200001 Material Oficina	613	1%
c) Gastos talleres (profesionais externos)	28.199	28%
60700001 Orientacion Individual	553	1%
60700002 Control de Impulsos	3.311	3%
60700004 Empoderamento J.	500	0%
60700005 Psicologo Taller	6.525	6%
60700006 Formación Colexios	2.953	3%
60700008 Taller Psicopedagogía	11.844	12%
60700010 Taller Audición e Linguaxe	1.614	2%
60700011 Terapia Deporte	900	1%
3. GASTOS DE PERSOAL	71.041	69%
64000000 Soldos e Salarios	53.340	52%
64010000 Soldos e Salarios Cooperacion	27	0%
64200000 Seg.social a cargo da ent.	17.118	17%
64210000 Seg.social Cooperación	15	0%
64900002 Formación	540	1%
4. OUTROS GASTOS DA ACTIVIDADE	16.069	16%
a) Asesorías	2.790	3%
62300001 Asesorias (Laboral, Contable, Fiscal)	2.754	3%
62300002 Consultorías (Prevención Riscos)	36	0%
b) Seguros	569	1%
62500000 Seguros (R.C., Local, voluntariado)	569	1%
c) Servicios bancarios	1.274	1%
62600001 Comisións c/c	124	0%
62600002 Transferencias	141	0%
62600003 Recibos domiciliados	990	1%
62600004 TPV	19	0%

GASTOS	IMPORTE	%
d) Publicidade	140	0%
62700001 Publicidade e promoción	140	0%
e) Suministros	2.776	3%
62800001 Auga	255	0%
62800002 Electricidade	886	1%
62800003 Teléfono	1.636	2%
f) Cuotas asociacións	320	0%
62910000 Cuotas Asoc. (Federacion e Sag. Fam.)	320	0%
g) Outros gastos	8.199	8%
62100000 Arrendamento auditorio	303	0%
62100001 Dominio internet	261	0%
62200000 Reparacións e conservacion local	469	0%
62200001 Limpeza local	1.560	2%
62900000 Outros servicios (inscrip. Congreso)	235	0%
62900001 Correos/mensaxeria	92	0%
62900002 Comidas e manutencion (xornada)	778	1%
62900003 Desprazamentos	2.005	2%
62900005 Comunidade propietarios	204	0%
62900006 Copias	1.214	1%
62900007 Gastos veterinario (animais terapia)	804	1%
63100000 Outros tributos (tasas administrativas)	267	0%
67800001 Axustes cobros/pagos	8	0%
5. AMORTIZACIÓN DO INMOVILIZADO	418	0%
68100006 Uso equip. Proc. Informac	418	0%
TOTAL	118.467	116%

EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS	-15.940
IMPOSTO SOCIEDADES	2.463
EXCEDENTE DESPOIS DE IMPOSTOS	-13.478



Asociación de nenas e nenos con Déficit de Atención con/sen Hiperactividade

www.anhidacoruna.com

☐ Telº 981 903 830 [xeral - secretaría]
☐ Telº 698 133 438 [Información]
info@anhidacoruna.com

GRUPOS DE AXUDA MUTUA PARA ADULTOS CON TDAH

GAM
ADULTOS

OBRADOIROS DE REEDUCACIÓN PEDAGÓXICA

TRP

OBRADOIROS PSICOPEDAGÓGICOS ANHIDACORUÑA

TPA

TcCi
ADOLESCENTES

TALLER DE CREATIVIDADE E CONTROL DE IMPULSOS PARA ADOLESCENTES

TcCi
PAIS

TALLER DE CREATIVIDADE E CONTROL DE IMPULSOS PARA PAIS

FcP
FORMACIÓN

FORMACIÓN CONTINUADA A PROFESIONAIS DA EDUCACIÓN DE CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS, EN COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN (CEFORE) E CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Sede: Edificio A ESCADA. R/ Manuel Azaña, 2 - 1º
O Burgo 15670 Culleredo [A Coruña]
Local: Rúa Amparo López Jean, 25 - Baixo.
15174 Culleredo [A Coruña]



☐ Entidade Prestadora de Servizos Sociais Nº E - 5732 da Xunta de Galicia
☐ Entidade Sanitaria Acreditada Nº C-15-003603 da Xunta de Galicia
☐ Membro da Federación Galega de Asociacións de Déficit de Atención e Hiperactividade.
☐ Membro da Federación Española de Asociaciones de Ayuda al Déficit de Atención e Hiperactividad